

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026111	CRA de Narón	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

O CRA de Narón é un Colexio Rural Agrupado que consta de 3 escolas repartidas nas cercanías da sede, en San Xiao. Ten alumnado de educación infantil en todas as escolas e de educación primaria só na escola do Val.

A especialidade de inglés desenvólvese de xeito itinerante atendendo as tres escolas, tendo cada unha delas as seguintes unidades:

- Escola do Val: tres unidades de educación infantil e primaria de 1º a 4º (unha unidade por curso).
- Escola de Domirón: tres unidades de educación infantil
- Escola de Sedes: unha única aula na que se agrupa alumnado de 5º e 6º de educación infantil.

A seguinte programación está deseñada para ser posta en práctica na aula de 1º de educación primaria na escola do Val. O grupo clase está formado por 17 alumnas e alumnos, todos eles coas súas características diferenciadoras que fan da aula un espazo heteroxéneo. Atopámonos con alumnado con NEE e NEAE que recibe atención por parte do profesorado de AL e PT do centro.

Esta programación desenvólvese coa finalidade de proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para continuar coa aprendizaxe da lingua estranxeira e adquirir a capacidade de usala en diferentes contextos dun xeito sinxelo có obxectivo de seguir avanzando progresivamente en cursos superiores.

O libro de texto de referencia para o desenvolvemento da programación é Go!Far 1 da Editorial Santillana/Richmond.

Esta programación didáctica esta aberta a calquera cambio e modificación sempre que sexa en beneficio do alumnado e da mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ready, steady, go	Vocabulario e expresións de uso habitual na aula; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role-plays, memory game con tarxetas de imaxes, dominós de imaxes, paseos polo colexio, interior e exterior; xogos interactivos en formato dixital.	10	5	X		
2	Happy families / Halloween	Vocabulario e expresións relacionados coa familia e a expresión de sentimentos. Celebracións propias da cultura inglesa: Halloween. Actividades relacionadas coa celebración do Halloween.	15	12	X		
3	Ready for school / Christmas	Vocabulario relacionado coa clase. Estrutura: I've got. Cancións e vocabulario sinxelo de Nadal. Manualidades relacionadas co Nadal.	15	12	X		
4	Popular Pets	Vocabulario relacionado con animais. Estrutura: Have you got a ...?	15	11		X	
5	Is it a plane?	Vocabulario relacionado con xoguetes. Estrutura: Is it (a)...?e How old are you? Revisión de números ata o 10.	15	10		X	
6	Let's dance!	Vocabulario relacionado coas partes do corpo e practica de verbos de acción. Recoñecemento do imperativo.	15	10			X
7	That's delicious!	Vocabulario relacionado coa comida. Estrutura: Do you like?	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ready, steady, go	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado de xeito guiado.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse; expresar mensaxes simples e breves e contestar preguntas básicas para a comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Happy families / Halloween	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica usando recursos verbais e non verbais.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse; expresar mensaxes simples e breves e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Ready for school / Christmas	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica usando recursos verbais e non verbais.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse; expresar mensaxes simples e breves e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Popular Pets	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica usando recursos verbais e non verbais.	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse; expresar mensaxes simples e breves e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Is it a plane?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica usando recursos verbais e non verbais.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes breves e sinxelos adecuados á situación comunicativa de forma guiada.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse; expresar mensaxes simples e breves e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Let's dance!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica usando recursos verbais e non verbais.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes breves e sinxelas de xeito guiado e apoiándose en axudas visuais.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	That's delicious!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica usando recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Saudar e despedirse; expresar mensaxes simples e breves e contestar preguntas básicas para a comunicación.	TI	100
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira de maneira guiada.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiáns e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica no ensino da lingua estranxeira vai ser esencialmente comunicativa, polo que os elementos do currículo se definiron en base aos procesos de comunicación aos que van enfocados: comprensión e produción de textos orais e escritos.

A metodoloxía vai estar tamén enfocada a conseguir que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que os alumnos poidan aplicar os seus coñecementos no mundo real, fóra das aulas. O alumno ten que lograr a adquisición das competencias implicadas na comunicación e a capacidade para poñelas en práctica nos diferentes contextos de actuación.

Para acadar os obxectivos da programación, a metodoloxía proposta sustentase no seguintes pilares:

- Garantir inclusión e equidade na aula
- Guiar ó alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os alumnos e alumnas serán os protagonistas de cada una das actividades propostas.
- Construír o coñecemento, procesos e atitudes tendo en conta os coñecementos e experiencias previas do alumnado.
- Promover unha metodoloxía activa, participativa e interactiva.
- Utilizar as novas tecnoloxías como ferramenta motivadora e de interacción con outros estudantes.
- Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe a través de técnicas metacognitivas, así como utilizando diferentes tipos de avaliación e fomentando a competencia de aprender a aprender entre o alumnado.

Promover interese nos países de fala inglesa, a súa cultura e lingua introducindo diferentes aspectos culturais nun ambiente de respecto.

Promover atitudes de respecto e tolerancia cara países de fala inglesa tratando de entender o mundo multicultural e globalizado no que vivimos.

- Impulsar traballo individual, parellas, grupos e equipos.

O enfoque metodolóxico denominado CLIL (Content and Language Integrated Learning), contempla a aprendizaxe da lingua complementada coa aprendizaxe integrada de contido doutras materias. Os profesores traballan simultaneamente cos obxectivos da linguaxe e cos obxectivos dos contidos. Desta maneira, o feito de aprender inglés non se limita a aprender simplemente outro conxunto de palabras, senón que implica o desenvolvemento dos conceptos que hai detrás das propias palabras. O alumno vai poder desenvolver as súas destrezas de pensamento coas súas habilidades comunicativas en lingua inglesa.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Páxinas web e xogos online.
Historias e contos.
Xogos de mesa.
Xogos físicos.
Posters e murais.
Fichas
Ferramentas de elaboración de materiais.
Encerado dixital interactivo - smart board.
Realia e recursos que nos ofrezca a contorna escolar.
Uso de medios audiovisuais cós que conte a escola
Rimas e cancións.
Actividades DUA.
Libros de texto.
Vídeos

- 1 - Páxinas web de xogos online: memory, wordsearch, crossword, match it, guess it, what's missing?
- 2 - Historias e contos: lectura de contos adaptados a súa idade e nivel lingüístico e madurativo.
- 3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado): de tarxetas ou de taboleiro.
- 4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a lingua e incorporala á comunicación automática. Entre eles inclúense: xogos de pelota, xogos de rol, xogos numéricos ou xogos de movemento.
- 5 - Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.
- 6 - Fichas: elaboradas polo mestre, sacadas do libro de texto ou de diferentes materiais didácticos (tanto físicos como na rede).
- 7 - Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais, Genially, Canva, Google Docs, Wordwall, Quizlet, etc.
- 8 - Encerado dixital interactivo - smart board: Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet. Resulta moi motivador para o alumnado.
- 9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, cámaras, etc.
- 10 - Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar: Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc
- 11 - Vídeos de plataformas coma YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips

de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades ou temas transversais.

12 - Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13 - Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

14 - Libros de texto: incluíndo Student's book e Activity book que servirán como punto de referencia para traballar os contidos nas distintas unidades.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciancion , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Neste proceso recolleránse os datos mediante a observación directa e rexistrando os datos nunha lista de cotexo para avaliar que cousas xa están adquiridas, cales precisan repaso e cales non están adquiridas. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Neste nivel educativo a avaliación levarase a cabo mediante a observación directa na aula, os traballos escritos que se recollan do alumnado, as presentacións orais, revisión do libros do alumnado e calquera outro tipo de tarefas, proxectos que xurdan durante o curso escolar. Utilizaránse traballos escritos para avaliar principalmente a comprensión e a expresión escrita e a comprensión oral e táboas de indicadores que se concretarán en listas de cotexo, rúbricas e escalas estimativas para avaliar o resto de criterios.

Dado o carácter cíclico da materia, debemos ter en conta que o alumnado terá menos fluidez no primeiro trimestre e que irá collendo confianza no uso da lingua estranxeira e fluidez segundo avancemos nos contidos. Isto é importante telo en conta á hora de realizar unha avaliación continua na que podamos percibir eses pequenos avances no alumnado e que debemos recoller para despois telos en conta na avaliación final.

Á hora de avaliar cada unha das unidades didácticas propostas na programación terase en conta o anteriormente citado e seguirase a seguinte porcentaxe á hora de cualificar:

40% - Probas escritas e orais sobre contidos, comprensión e aplicación dos mesmos

60% - Participación, comportamento, esforzo, expresión en lingua estranxeira e traballo diario

A avaliación da materia terá un carácter contínuo e global. E así que a nota da avaliación final (ordinaria) corresponderase coa da terceira avaliación.

### Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. No caso de ser preciso, valorarase a necesidade de recibir apoios e reforzos educativos máis sempre tomando as adaptacións curriculares como unha mediad excepcional.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal é como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención nesta etapa á atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, con especial atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

O primeiro paso para poder proporcionarlle a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades é o recoñecemento da diversidade entre os alumnos. Cada alumno é único en canto á súa capacidade, ao seu talento, ao seu potencial, ao seu nivel de rendemento, ao seu ritmo de aprendizaxe, ao seu nivel de maduración, etc. Todas estas características teñen que terse en conta para personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ritmo de cada estudante.

Deste xeito, debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo cas características que eles teñan. A modo de exemplo citamos o seguinte:

- Fast finisher activities: Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos/as que acaban as tarefas máis rápido (wordsearch, crosswords, scrabble...) ou pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).
- Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe: Inclúranse en actividades colectivas, de grupo, nas que teñan o seu propio rol e adaptadas as súas capacidades e circunstancias.
- Nenos e nenas con trastornos de conducta: Busca da coordinación có equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes		X		X	X		X
ET.2 - Resolución pacífica de conflitos			X		X	X	
ET.3 - Educación para o consumo responsable			X		X		

#### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto. Aínda que poderanse tratar en calquer momento do curso académico calquera dos elementos transversais proposto polo currículo de primaria, neste apartado marcamos aqueles que dun xeito máis específico van ser tidos en conta na proposta de unidades didácticas.

Calquera situación na aula pode propiciar o ser axeitada para tratar temas transversais como aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, a igualdades de xénero, a educación para a paz ou o desenvolvemento sustentable, entre outros así como a expresión oral e escrita (no caso da lingua estranxeira a niveis moi simples e básicos), a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións das escolas	Samaín, Magosto, 25-N, Nadal, Día da Paz Entroido, Día do Libro, convivencias entre escolas...			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Christmas, Saint Patrick's Day, Easter...			
Visitas ao centro	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores...			

#### Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de lingua estranxeira pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en lingua estranxeira. A programación está aberta a modificacións neste apartado no momento que puideran xurdir ou propoñerse novas actividades complementarias.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

#### Descrición:

Con estes indicadores de logro valoraremos aspectos como a dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades ou coordinación entre o profesorado. A información será recollida a través da observación e mediante rúbricas de avaliación. Levaráse a cabo ao final de cada trimestre así como ao final do curso académico có obxectivo de identificar fortalezas e debilidades do proceso de ensinanza-aprendizaxe e mellorar os aspectos necesarios para o vindeiro curso.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Teráanse en conta os seguintes elementos á hora de avaliar o proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- Grao de coñecementos adquiridos polo alumnado.
- Grao de consecución da programación.



- Necesidades formativas do profesorado.
- Idoneidade dos obxectivos, contidos e avaliación establecidos.
- Efectividade da metodoloxía utilizada.
- Coordinación con outros membros do equipo docente.

## **9. Outros apartados**